

O Noitebra F.C. de Santiago de Compostela organiza o **II Trail de Compostela**, coa colaboración do Concello de Santiago de Compostela, baixo control técnico do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e segundo o seguinte Regulamento:

### **Regulamento do II Trail de Compostela**

**1.- Data e Lugar:** o II Trail de Compostela celebrarase o domingo 13 de marzo de 2016 en Santiago de Compostela. A saída dos adultos darase ás 10:00 horas dende a Granxa do Xesto, no Monte Pedroso. Tamén se celebrarán carreiras escolares que terán lugar a partir das 12:45 horas.

**2.- Percorrido:** o trail transcorrerá por un circuíto mixto de camiños, pistas, corta-lumes e monte da contorna do Pedroso en Santiago de Compostela e Ames.

Trátase dun percorrido duns 21,097 kilómetros, cun desnivel positivo acumulado duns 700 metros e 700 metros de desnivel negativo.

**3.- Control técnico:** as probas estarán baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

**4.- Participación:** poderán participar no trail atletas federados/as e non federados/as, maiores de 18 anos ou que os teñan cumpridos o día da proba, sempre que se atean ao indicado neste regulamento e cumplan os requisitos aquí detallados.

**5.- Categorias trail:** (anos cumpridos o día da proba)

- A. Categoría masculino absoluto, a partir de 18 anos.
- B. Categoría feminina absoluta, a partir de 18 anos.
- C. Categoría masculino veterano, a partir de 41 anos.
- D. Categoría feminina veterana, a partir de 41 anos.

**6. - Categorias escolares e distancias:**

Ea. Nacidos no ano 1998 (só menores de 18 anos o día carreira), 1999, 2000 e 2001 (aproximadamente 2.160 metros-tres voltas).

Eb. Nacidos nos anos 2002, 2003 e 2004 (aproximadamente 1.470 metros- dúas voltas).

Ec. Nacidos nos anos 2005, 2006, 2007 e 2008 (aproximadamente 775 metros-unha volta).

**7.- Premios:**

- Trofeo aos 3 primeiros clasificados na categoría masculino absoluto (A).
- Trofeo ás 3 primeiras clasificadas na categoría feminina absoluta (B).
- Trofeo o aos 3 primeiros clasificados na categoría masculino veterano (C).
- Trofeo ás 3 primeiras clasificadas na categoría feminina veterana (D).
- Equipos federados: trofeo para os tres primeiros equipos federados (FGA) clasificados. Para optar aos premios deberán rematar a carreira mínimo 6 atletas, puntuando en meta

os 4 primeiros en chegar de cada equipo. Gañará o equipo que sume menos puntos en función dos postos acadados polos seus atletas no trail. Os equipos poderán ser mixtos (homes e mulleres). **Será imprescindible enviar a listaxe coa composición dos equipos ao mail da Delegación da Federación Galega de Atletismo en Santiago (FGAsantiago@gmail.com), con prazo límite ata o venres 11 de marzo ás 14:00 horas.**

- Todos os participantes que finalicen as probas escolares recibirán unha medalla, ou no seu defecto un detalle conmemorativo da carreira.

**8.-Premios circuío “Cumes de Compostela: Pico Sacro - Monte Pedroso”:** este circuío estará conformado pola IV Carreira da Filloa de Lestedo e o II Trail de Compostela, resultando obsequiados cun **premio especial** os tres primeiros homes e as tres primeiras mulleres da clasificación xeral absoluta resultante da combinación de ambas probas (menor puntuación en función da suma dos postos acadados nas dúas carreiras).

**9.- Inscripción:** permanecerá aberta do 12 de febreiro ao **xoves 10 de marzo ás 23:59 horas**. Dita inscrición realizarase na web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com). Non se admitirán e aceptarán inscricións fóra de prazo, con datos incompletos ou sen todos os datos obrigatorios.

**10.- Prezo:** a cota de inscrición será de **10 € para os/as atletas federados/as (requirirase a licenza federada no momento da retirada do dorsal)** e **12€ para os/as atletas non federados/as**.

**A partir do xoves 3 de marzo** a cota de inscrición pasará a ser de 13€ para os/as atletas federados/as e 15€ para os/as atletas non federados/as.

**O límite de inscrición queda fixado en 250 participantes.**

No caso das **probas escolares**, a inscrición será gratuíta e o límite de inscrición entre todas as categorías será de **50 participantes**.

**11.- Dereitos:** o importe da inscrición levará consigo un seguro de responsabilidade civil e de accidentes deportivos. Tamén se poderá facer uso de todos os servizos establecidos pola Organización para os participantes, así como avituallamentos e agasallos contemplados para todos/as os/as participantes inscritos/as.

A non asistencia á proba non implicará a devolución da cota de inscrición.

**12.- Recollida dorsais:** os dorsais do trail recolleranse de forma anticipada en Decathlon Santiago de Compostela (R/ de Polonia, 2. Polígono da Costa Vella) nos seguintes horarios: Venres día 11 de marzo: de 16:00 a 20:00 h. Sábado día 12 de marzo: de 11:00 a 13:00 h. e de 16:00 a 20:00 h. Tamén poderán ser recollidos o mesmo día da proba, a partir das 09:00h e ata as 9:45h no stand de Kalenji-Decathlon situado no lugar de saída (Granxa do Xesto). Non se entregarán dorsais do trail despois da hora límite (9:45 h). Os dorsais das carreiras escolares recolleranse das 11:00 ás 12:00 horas no citado stand.

**13.- Sinalización:** o percorrido do trail estará debidamente sinalizado con carteis indicadores e cintas de balizamento ben visibles. Existirán referencias kilométricas en certos puntos do percorrido.

**14.- Controis:** no desenvolvemento da proba a Organización disporá dos controis que estime oportunos. Omitir ditos controis poderá levar á descalificación do/da atleta.

**15.- Avituallamentos do trail:** disporase de 3 puntos de avituallamento máis o de meta. Combinaranse avituallamentos de líquido e sólido (auga e froita) e só líquido.

**16.- Tempos de paso:** nun principio, non haberá tempo límite de entrada na meta. En calquera caso, os responsables da Organización terán a potestade para retirar da proba aos corredores/as que infrinxan as normas da proba, non leven o dorsal regulamentario de forma ben visible na parte anterior (dianteira) do corpo, desatendan as indicacións dos organizadores ou manteñan unha actitude pouco deportiva cara o resto dos participantes. A estes efectos, a Organización ten prevista a participación de corredores que actuarán como peche de carreira e ciclistas que nalgúns sectores acompañarán á carreira. Todos aqueles/as participantes que se vexan afectados/as por una decisión de descalificación, deberán facer entrega do dorsal no posto de control máis próximo e abandonar a proba atendendo ás indicacións dos membros da Organización.

**17.- Dorsal:** todo/a atleta que entre á liña de meta sen o seu dorsal ou sen este debidamente colocado na zona anterior do corpo (zona próxima ao peito) e en toda a súa extensión, serán automaticamente descalificados.

**18.- Reclamacións:** as reclamacións sobre os resultados oficiais deberán formularse verbalmente ao xuíz árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación destes. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da FGA e RFEA en vigor.

**19.- Duchas:** haberá servizo de duchas a disposición dos/das atletas no Campo de Fútbol Municipal de Santa Isabel, aproximadamente a 1 Km. da saída e meta da carreira.

**20.- Reunión informativa:** a Organización facilitará os detalles organizativos máis relevantes na charla técnica que se realizará 5 minutos antes da celebración da proba, na mesma liña de saída.

**21.- Medio ambiente:** a proba desenvolverase na súa maior parte por paraxes naturais, polo que será obriga de todos e todas preservar a contorna evitando botar desperdicios fóra das áreas de control.

A tal efecto colocaranse colectores de lixo ata unha distancia máxima de 100 metros dende o posto de control.

Será motivo de descalificación o incumprimento desta norma elemental por parte dos/das participantes.

**22.- Asistencia sanitaria:** a Organización disporá de Servizos Sanitarios regulamentarios en puntos estratéxicos do percorrido. Así mesmo, ofrecerase en meta atención médica para os/as deportistas que tiveran algunha necesidade excepcional.

**23.- Seguridade:** a organización resérvase o dereito a desviar a proba por algún percorrido alternativo e realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas o obrigan ou por forza maior.

**24.- Auxilio en accidentes:** a Organización disporá para a realización da proba dunha Ambulancia con Médico para axudar aos corredores/as que o requiran. Así e todo, os/as participantes deberán auxiliar aos accidentados que precisen axuda, así como informar de calquera contratempo nos controis de paso ou chamando a un teléfono que será proporcionado pola Organización e que irá serigrafiado no dorsal.

**25.- Responsabilidade:** a Organización declina toda responsabilidade en caso de perda dalgún obxecto, ou de negligencia dalgún participante. Os/as participantes serán responsables de todo prexuízo que poidan causarse a si mesmos ou a terceiros.

**26.- Material recomendable:** trátase dunha proba de Trail ou Carreira de Montaña apta para todos os niveis, e, aínda que non é excesivamente técnico, recoméndase levar zapatillas técnicas ou, polo menos, con algo de taco na sola para un mellor agarre. Aínda que hai tres avituallamentos, é recomendable, para quen o considere oportuno, levar o seu propio sistema de hidratación (nunca botellas de plástico).

**27.- Máis información:**

- [Blog do Noitebra F.C. \(http://noitebrafc.blogspot.com\)](http://noitebrafc.blogspot.com)
- [Facebook do Noitebra F.C. \(https://www.facebook.com/noitebra.atletismobtt\)](https://www.facebook.com/noitebra.atletismobtt)
- [Twiter do Noitebra F.C. \(https://twitter.com/Noitebra\\_FC\)](https://twitter.com/Noitebra_FC)
- [Carreiras Galegas \(http://www.carreirasgalegas.com\)](http://www.carreirasgalegas.com)
- [Federación Galega de Atletismo \(http://www.atletismogalego.com\)](http://www.atletismogalego.com)
- [Correr en Galicia \(http://www.correrengalicia.org\)](http://www.correrengalicia.org)

**AVISO LEGAL**

**NOTA:** esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13 - 15008 A Coruña.